



ENTRE OS PENEDOS DO NARLA



ORLANDO VIVEIRO VEIGA

Río Narla. Foto: Orlando Viveiro

Non resulta doada a xuntanza entre o Miño e este seu afluente, o Narla, que escorre apresurado dende as terras montesías de Friol e vén rematar a súa andaina acó nas beiras extremas de Outeiro, nunha viaxe secular acompañada dun estarabouzar constante das súas augas que loitan na procura de labrar camiño por entre penedos desafiantes, que dificultan o seu paso. Terras bravas son as testemuñas dos derradeiros folgos deste río, mais nas que bulen a vida e os recordos das xa escasas xentes ribeireñas coas que un pode aínda conversar e desfrutar dos seus relatos. Tal acontece coa Señora Paz, que gasta demoradamente os días na Casa dos Trollos, alá no fondo da vagoada que cadra fronte por fronte co lugar de San Paio.

- "Agora é mel en comparanza de cando eu era moza, -afirma rebuscando as palabras nos relanzos da memoria-. Acordo que para ir a Lugo subiamos de par da fonte das Latas, que, por certo, ten unha auga moi xeitosa, e logo, en deixando atrás as casas de Parada, tiñamos que atravesar acolá por baixo de onde está a ponte de Portodares, pola pasadela da viga, unha trabe enorme de madeira colocada por enriba da auga. Máis tarde construíron a ponte de pedra no lugar do antigo porto por onde cruzaban os carros e, á hora de pór-lle o ramo, celebrouse o albaroque cunha grande festa na parroquia á que se convidaran festeiros e todo; aquela obra fixera moito avío para as casas desta banda, xa ora. Por estoutro lado pasabamos para San Paio, lugar que cadra aí de fronte a ese vello castiro, -sinala erguendo a man-, polos Pasos, -que son unhas pedras de cantería colocadas no leito do río, polo de agora ben conservadas,

mais con sinais dun desgaste importante provocado por tantas idas e voltas-. Era unha casa que tiña moito circundo, con capela de seu na que seica se celebraba romaría na honra de San Pedro, aínda que eu xa non acordo a facela.

A día de hoxe as beiras do río están de mal andar pola escaseza de xente que traballe as leiras, mais antes era doutro xeito pois, entre a recolleita da estrume e os rabaños de gando da habenza, os carreiros estaban limpos e podía chegarse doadamente ata O Pazo e Santa Comba ou mesmo a Bravos, lugar aquel onde acordo ter ido moitos anos de merenda á romaxe de Nosa Señora, que cadra polo oito de Setembro. Das casas de Parada non faltaba ninguén; lembro que marchabamos por un camiño que pasa aquí enriba polo medio do monte da Estivada Nova e despois cruzabamos o río por unhas penas que había aló no Pazo. Para comer era costume de vello o levar unhas cambadas de peixes fritos, pescados os días anteriores, que se conservaban ata as vésperas nunha arca de madeira depositada no fondo do río".

Por esta zona o Narla baixa moi encaixado sendo posíbel, para quen aquí se achegue, percibir antes o bruar dos cachóns da corrente ao brincar por enriba das pedras que a propia imaxe da auga, agachada por entremedias da abundante vexetación que nace nas ribeiras e da que medra nas moitas ínsuas que enchen o seu cauce. As augas demóranse acó en infinitas voltas e reviravoltas, cada unha delas cunha historia ou suceso que a nosa contadora semella ter gardados na mente con asombrosa frescura.



- "Acolá queda o Bocelo, -apunta ollando para un lugar situado río abaixo-, onde houbera caneiro de pillar anguías que aínda se conserva; tamén está o Petarón, chamadeiro que fai clara referencia ao estourar da auga contra as penas, e máis adiante a Croa do castro, que observa dende o alto o devallar das augas que baixan ao seu carón, como facéndolle as cóxegas, e prestaban protección aos moradores pola caída do norte".

"O Narla ten a sona de río moi inchón, -continúa a Señora Paz-, e pode que sexa certo, mais tamén é de xustiza dicir que tanto enche como reve e por outra banda a súa pesca sempre foi moi abundante e sabedora polas augas tan limpas que levaba; daba uns peixes que namoraba o bon comer que tiñan e as panchiñas tan fermosas con aquela súa barriga branca".

-E as anguías?,- preguntamos nós deixándonos enredar nos remuíños da conversa.

- "Cando baixaban as anguías había un tremendísimo balbordo en toda a aldea, daquela había moitos caneiros, sobor de todo no Miño, que baixa pola outra punta da parroquia, mais tamén aquí no Narla, onde á parte do antes dito do Bocelo houbera un en San Paio e outro en Portodares. Todos os veciños estabamos agardando a baixada das primeiras, feito que, segundo o dicir dos máis vellos, era cousa celebrada que acontecera antes de ter caído os ourizos dos castiñeiros, xa que se non, ao darlles no bico, picábanas e non baixaban. Cando chegaban as enchentas do río polo outono, a xente tirábase aos caneiros e, uns armando e outros carrexando, gastabamos alí toda a noite. Ao día seguinte procediamos a engambitar nelas, preparando a pesca para a venda nos mercados, cousa que se levaba a cabo tendo en conta o peso: as grandes, por unidade, e as pequenas, por lotes, que aquí tiñamos por costume facer colocando seis anguías en cada libra.

Non se vendían todas, -continúa-, pois unha parte delas quedaba sempre para o consumo da casa; así era cousa habitual comelas frescas durante os días que duraba a baixada, mais logo o resto abríanse e

unha vez limpas salgábanse, do mesmo xeito que a carne dos porcos, e despois de ter tomado o sal pendurábanse para proceder á súa cura, conservándose deste xeito boa parte do ano. Á hora de cociñar había que as desalgar e xa quedaban listas para botar á cazola: o resultado era un bocado moi gustoso, tanto fritidas con aceite e allo, como guisadas, que eu preparaba vertendo primeiro unhas pingas de aceite e no fondo unha rea de cebola, logo enriba uns toros pequenos de anguía e despois outra rea de cebola e máis toros, así ata encher a cazola, podendo botar unha chisca de azafrán para darlle algo de cor. Quen me dera agora a proba!..." -remata dicindo a Señora Paz, toda chea de razón.

Esmorece a tarde e o sol ponse por tras dos montes de San Paio. Aló no fondo do val pode verse debuxado un carreiro serpeante de ameneiros e caxigos que presta acubillo sombrizo agachando a presenza do Narla, confirmada polos ecos esvaídos do bruar das súas augas. Chega o inverno na chaira e con el as longas noites ao carón do lume, acaídas para repaso de historias e recordos. Ana-cos dun saber conservado e transmitido dende hai centos de anos, arquivado na memoria de persoas coma esta muller de Parada, que agardan unha vontade disposta que o recolla evitando así o seu esquecemento definitivo.



Pasos no río Narla. Foto: Orlando Viveiro